

FAMILIA

INCLUSIÓN SOCIAL

MAIORES E PERSOAS
CON DEPENDENCIA

XUVENTUDE E
VOLUNTARIADO

ACTUALIDADE

- Editorial
- A Xunta enmarca a mellora do bienestar dos maiores e o acceso a máis servizos no rural na loita fronte á perda de poboación
- A Xunta participa na elaboración dun plan estratéxico que axude a reverter a situación demográfica
- A Xunta dá continuidade ao programa das casas niño como recurso de atención á infancia e de conciliación no rural
- A Xunta outorgará axudas para mellorar infraestruturas e equipamento de escolas infantís de iniciativa social de 0 a 3 anos
- A Xunta abre o prazo de solicitude do Bono Concilia ás familias con fillos e fillas menores de tres anos
- A Xunta impulsa a mellora e adecuación dos recursos de atención á infancia dos concellos galegos
- A Xunta de Galicia amplía o orzamento para que os nenos e nenas nados en 2016 se beneficien da Tarxeta Benvida
- A Xunta investirá preto de 8 millóns de euros en catro proxectos europeos dirixidos ás persoas maiores e á xuventude
- A Xunta pon á disposición da mocidade 220 prazas nas residencias xuvenís para o curso 2017-2018
- A Xunta pilota un programa europeo para mellorar a empregabilidade e fomentar o emprendemento xuvenil
- A Xunta de Galicia gaña o premio Vacacións Solidarias 2017 da Rede Española de Albergues Xuvenís
- A Xunta reforza a implicación da mocidade e das entidades xuvenís para elaborar o Plan estratéxico de Xuventude 2018-2020
- A Xunta e a asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaí renovan a súa colaboración co programa 'Vacacións en paz'
- A Xunta reforza o seu apoio ás entidades de iniciativa social para a promoción de servizos de inclusión
- Días internacionais.

ESTADÍSTICAS

- Risco de pobreza e/ou exclusión social (estratexia Europa 2020). Indicador AROPE
- Enquisa conxuntural a fogares. IGE

ALERTAS

- Alertas bibliográficas.
- Institucións
- Redes sociais: blogs.
- Congresos, xornadas e cursos.
- Blog de publicacións.
- Catálogo de publicacións na web.
- Normativa.



CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL
Memoria 2016



NORMATIVA

Normativa DOG

Normativa CCAA

Normativa BOE

Normativa UE

PUBLICACIONES

Catálogo de publicacións na web



CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL
Memoria 2015



Parte da información é tomada do Portal Xunta.gal, susceptible de reutilización.



© Xunta de Galicia. 2017. BdB. Boletín de Bienestar, 2017

Edita:
Consellería de Política Social, Secretaría Xeral Técnica, Subdirección Xeral de Coordinación Administrativa, Sección de Publicacións e Estatísticas

https://libreria.xunta.gal/gb/bdb-boletin-de-bienestar-boletin-informativo-de-politica-social-no-8-maio-xu_0-2017

Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución. Compartirlgual 4.0 España de Creative Commons. Para ver unha copia de licenza, visite: https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.es_ES

Coordinación: Pepa Dabán Royo.
Maquetación: Antonio Lameiro Ces.
ISSN: 2445-1932

Editorial

A actualidade desta nova entrega vén marcada polas diversas actuacións da Consellería relacionadas coa infancia e as medidas de conciliación, a perda de poboación, os maiores ou a inclusión dos máis desfavorecidos. Na sección de Estatísticas centrámonos en divulgar os datos de risco de pobreza e/ou exclusión social (Indicador Arope) e datos sobre o grao de dificultade para

chegar a fin de mes en Galicia extraídos da Enquisa coxuntural de fogares elaborada polo Instituto Galego de Estatística. Por último, no apartado de Alertas, damos información actualizada de publicacións periódicas, cursos e congresos, e recursos informativos de ámbito social que axudarán á formación e profesionalidade dos nosos lectores.



O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, participou na cidade aragonesa de Teruel no VII Foro de Rexións con Desafíos Demográficos (FREDD)

A Xunta enmarca a mellora do benestar dos maiores e o acceso a máis servizos no rural na loita fronte á perda de poboación

- ▶ Os representantes das comunidades de Galicia, Aragón, Asturias, Castela-A Mancha, Castela e León, Extremadura e A Rioxa avanza nunha estratexia común para cambiar a actual tendencia demográfica e piden a implicación do Goberno central e da Unión Europea
- ▶ O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, participou na cidade aragonesa de Teruel no VII Foro de Rexións con Desafíos Demográficos (FREDD)
- ▶ Os principais eixos desta estratexia son cinco: favorecer un envellecemento activo e saudable, a creación de contornas favorables para as familias, xerar maiores oportunidades para a xuventude, atraer nova poboación e propiciar un desenvolvemento económico e social sostible do medio rural
- ▶ Ademais marcou entre os retos de lexislatura continuar ampliando a ratio de cobertura de prazas de escolas infantís e de atención a persoas dependentes, así como aprobar unha lei de impulso demográfico e o desenvolvemento normativo da lei de inclusión social

Teruel (Aragón), 26 de xuño de 2017.- O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, acompañado da directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, Amparo

González, asistiron en Teruel ao sétimo Foro de Rexións con Desafíos Demográficos (FREDD). Neste encontro, que se desenvolveu na sede territorial da Deputación Xeral de Aragón, tamén participaron

representantes de Aragón, Asturias, Castela-A Mancha, Castela e León, Extremadura e A Rioxa co obxectivo de seguir buscando solucións e medidas para paliar o declive de poboación que arrastran estas comunidades.

Esta xuntanza serviu para fixar os principais eixos de traballo para avanzar na elaboración dunha estratexia nacional fronte ao declive de poboación. De feito, no encontro desta mañá participou tamén a Comisionada do Goberno para o Reto Demográfico, Edelmira Barreira Diz, figura a cuxa creación contribuíu de maneira decisiva o Fredd e a quen os representantes autonómicos deste foro trasladaron os obxectivos que debe conter a devandita estratexia. Entre outras propostas, destaca a da necesidade de fortes

e prolongados compromisos orzamentarios do Estado e do resto das administracións que teñan en conta a singularidade da problemática demográfica e impulsen o reequilibrio territorial entre zonas densamente poboadas e zonas en declive demográfico.

Así, os membros do Foro, acordaron de maneira unánime, que a nova estratexia demográfica deberá responder a cinco eixos fundamentais. Estes son: favorecer unha vellez activa e saudable, de tal xeito que a lonxevidade da poboación se converta nunha oportunidade; a creación de contornas favorables para as familias coa finalidade de aproximar a natalidade realizada coa desexada; xerar maiores e mellores oportunidades para a xuventude; promover o establecemento das

condicións de vida necesarias para atraer nova poboación e propiciar un desenvolvemento económico e social sostible do medio rural.

Cada un destes eixos inclúe unha batería de propostas. No tocante ás persoas maiores, o Foro suxire, entre outras cuestións, favorecer que as persoas maiores vivan no seu ámbito habitual mediante a creación de contornas amigables que favorezan unha forma de vida autónoma e sostible no tempo; fomentar a conexión interxeracional e promover unha vellez activa; favorecer a innovación social e a investigación nos distintos sectores relacionados coa vellez así como promover a economía do envellecemento como xeradora de oportunidades, fundamentalmente nos contornos rurais; e dotar de infraestruturas e equipamentos o territorio para

garantir a accesibilidade, a mobilidade e o transporte.

Tamén se propoñen medidas dirixidas á familia, como o impulso da conciliación e a corresponsabilidade desde a educación, mediante axudas, ampliando os permisos de paternidade e maternidade e fomentando a racionalización de horarios. Ademais, apóstase por unha maior dotación de prazas públicas en escolas infantís e fomentar os servizos de proximidade; e por continuar con políticas en prol da igualdade e que garantan o acceso á vivenda, en especial no medio rural, con medidas que incentiven a familias con baixos niveis de renda e membros con discapacidade ou dependencia, así como as vítimas de violencia de xénero.

Outro dos eixos nos que ten que facer fincapé a estratexia

contra o reto demográfico é a xuventude. Neste sentido, as comunidades do FREDD avogan polo desenvolvemento de políticas orientadas a favorecer o retorno da mocidade e a recuperación do talento novo, así como por favorecer o empoderamento xuvenil e apoiar a formación e a xeración de emprego de forma específica no medio rural, fomentando a cultura emprendedora.

O cuarto eixo da estratexia pasa por atraer nova poboación promovendo as condicións de vida necesarias para conseguilo. Neste apartado inclúense medidas como estender a conectividade e a banda ancha aos núcleos rurais; apostar polos sectores do turismo, a artesanía, a agricultura, a gandería, e o da biomasa e outras enerxías renovables e impulsar programas comunitarios de benvida a novas

persoas residentes para facilitar a súa integración.

E unha quinta liña de actuación da estratexia pasa por propiciar un desenvolvemento tanto económico como social sostible nos núcleos rurais, impulsando accións de economía verde e circular, avanzando cara a equidade de servizos entre o urbano e o rural e fomentando o emprendemento nestas zonas.

Xunto con estas actuacións de ámbito nacional, o FREDD propón fixar unha estratexia común co Goberno central que posibilite unha maior contribución de fondos europeos, de tal xeito que na súa distribución se recolla especificamente a problemática da demografía e se establezan medidas específicas financeiras complementarias para os territorios afectados.

A Xunta participa na elaboración dun plan estratéxico que axude a reverter a situación demográfica

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2017.- O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, asistiu á reunión de traballo da Macrorrexión do Sudoeste de Europa (RESOE), á que acudiron representantes das comunidades autónomas de Asturias, Cantabria, Castela e León, así como das rexións centro e norte de Portugal, para abordar temas de índole demográfica. Deste xeito, o titular autonómico, acompañado polo coordinador do grupo de traballo da RESOE, João Malva, explicou que todas as rexións presentes están unidas polo reto de mellorar a calidade de vida dos seus habitantes no que respecta ao coidado dos nenos e nenas e tamén das persoas maiores.

Neste sentido, Rey Varela anunciou que a RESOE está a elaborar un plan estratéxico que permita traballar para responder a estes desafíos comúns, baseado en tres eixos de actuación: a mellora da calidade de vida das persoas

maiores, o fomento das políticas que teñen que ver coa conciliación nos contornos de carácter rural e a innovación sociosanitaria aplicada ao benestar da poboación. "Buscamos que o desenvolvemento deste plan nos permita establecer proxectos a curto prazo para mellorar as políticas nestes campos", afirmou o conselleiro.

Este documento global presentárase a finais deste mes de xuño en Castela e León e permitirá enfocar o traballo colaborativo para o horizonte 2020 e tamén para as seguintes décadas.

Ao fío disto, o conselleiro lembrou que a Xunta contempla dous ámbitos fundamentais relacionados co reto demográfico como é poñer o foco nas medidas de conciliación e, por outra banda, "isto vai asociado ao coidado dos nosos maiores, que é un fenómeno que temos que estudar e prever". Na actualidade, un 24% da poboación galega supera os 65 anos e para o 2050 os indicadores

arroxan que, se a taxa de natalidade se mantén nos datos dos últimos 30 anos, Galicia terá un 34% de persoas que superarán esta idade. "Temos que prepararnos para eses novos tempos e por elo, o reto demográfico ten moito que ver co coidado dos máis pequenos, pero tamén co coidado das persoas maiores: queremos que vivan máis, pero tamén que vivan mellor", afirmou Rey Varela.

O titular autonómico explicou que "implementar esta estratexia con Portugal vai dar un carácter internacional ás nosas propostas, fundamentalmente no ámbito da Unión Europea, e propiciará unha captación de fondos europeos que nos pode axudar a mellorar as políticas que xa estamos a

desenvolver así como a incorporar novas medidas".

No encontro tamén se abordou a necesidade de atopar medidas de apoio social que eviten a perda poboacional baseada no coñecemento, a transferencia de información e a tecnoloxía de cara a xerar emprego para os mozos e mozas das rexións implicadas.

Ambos mandatarios saudaron a celebración desta reunión de vital importancia para reverter a situación demográfica a través deste plan estratéxico no que está a traballar a RESOE, co que se comeza a preparar o traballo de sensibilización política de Bruxelas para que as preocupacións destas rexións, sexan tamén as preocupacións de Europa.

http://cpapx.xunta.gal/c/document_library/get_file?folderId=296102&name=DLFE-9002.pdf

macrorrexión RESOE

Regiones del Sudoeste Europeo
Castilla y León - Galicia - Región Norte de Portugal

A Xunta dá continuidade ao programa das casas niño como recurso de atención á infancia e de conciliación no rural



- ▶ O Diario Oficial de Galicia (DOG nº119, do 23.06.2017) publica a nova orde e a convocatoria de axudas por un montante total de 2,4 millóns de euros para a posta en marcha deste servizo gratuito, que está dirixido ás familias con nenos e nenas de 0 a 3 anos que residen en núcleos rurais nos que non exista outro recurso de atención continuada á infancia
- ▶ A convocatoria de 2017 presenta varias novidades con respecto á do ano anterior, como a posibilidade do pagamento anticipando do 35% da prima polo desenvolvemento do proxecto en cada anualidade

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 2017.- As novas casas niño que entrarán en funcionamento ao abeiro da convocatoria deste ano sumaranse ás 30 que xa están en servizo na actualidade nas catro provincias e, ao igual que estas, ocuparanse da atención de nenos e nenas de entre os 3 meses e os 3 anos de idade, sendo un recurso conciliación totalmente gratuito para as familias. O prazo de presentación de solicitudes estará aberto dende mañá ata o vindeiro día 24 de xullo.

Poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas físicas e as cooperativas de traballo asociado que estean en posesión ou contendo menos cunha persoa socia co título de técnico superior en

educación infantil, co grao de mestre en educación infantil ou primaria, grao en pedagogía, psicoloxía ou educación social. Tamén poderán optar ás axudas aquelas persoas que posúan o diploma que acredite ter realizado o curso de formación integral ou o curso de formación complementaria para futuros/as profesionais das Casas Niño impartidos pola Xunta de Galicia, así como aquelas que presenten formación acreditada en áreas relacionadas coa atención á infancia e coidados infantís, ou experiencia profesional acreditada neste ámbito.

Por outra banda, as persoas solicitantes deberán residir nun núcleo rural no que non exista ningún recurso de atención

elementos de protección de enchufes, portas e ventás; e un mobiliario e equipamento básico para a atención das nenas e nenos. Ademais, deberán dispoñer dun plan de actuación cos nenos e nenas para atender eventuais emerxencias que se poidan producir na casa niño.

As axudas concederanse en réxime de concorrencia competitiva prestando atención, ademais de ao número de nenos e nenas que poderían beneficiarse do recurso, a factores como a dispersión xeográfica e ao envellecemento da poboación para contribuir á revitalización demográfica e á cohesión territorial. Así mesmo, para contribuir á integración laboral de persoas en situación de especial protección, recibirán unha puntuación adicional as persoas paradas de longa duración, as menores de 35 anos e maiores de 55 anos, as persoas con discapacidade igual ou superior ao 33% (sempre que esta sexa valorada como compatible co desempeño da actividade subvencionada polo órgano competente da Administración Autonómica), e as mulleres vítimas de violencia de xénero.

Esta convocatoria de axudas subvencionará a reforma e adaptación do inmovible destinado a servir de Casa niño así como o seu equipamento e dotación material e a prestación da atención personalizada de nenos e nenas de 0-3 anos. As axudas para gastos de investimento consistirán nunha subvención de ata o 100% dos gastos elixibles, cun límite máximo global por casa niño de 15.000 euros. A achega pola prestación da atención personalizada consistirá

http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20170623/AnuncioG0425-140617-0003_gl.pdf

nunha prima de 19.6000 euros/ano, destinada a apoiar esta iniciativa emprendedora no inicio da súa andadura.

Novidades

Cómpre indicar que entre as principais novidades desta convocatoria con respecto á anterior está o pagamento anticipado do 35% da prima de apoio polo desenvolvemento do proxecto nos anos 2018, 2019 e 2020. Na anualidade de 2017 mantense o pagamento de ata o 80% da subvención para gastos de investimento e do 80% da prima que lles corresponda pola atención relativa a dita anualidade como xa se establecía na convocatoria do ano pasado.

Ademais, perfilanse os criterios de valoración e pásase a ter en conta o número de nenos e nenas de entre 0 e 3 anos residentes no concello en vez do número de nacementos, e establécese en 5 o número mínimo de menores potenciais usuarios da casa niño para poder optar á subvención.

A Xunta dá continuidade con esta nova convocatoria ao programa das casas niño, iniciativa pioneira en Galicia coa que se pretende crear recursos de conciliación para as familias, oportunidades para atraer poboación nova ao rural galego e fomentar o reequilibrio territorial. Así mesmo, se impulsa e apoia as fórmulas de autoemprego e de economía social, eficaces para a dinamización económica local e, consecuentemente, para a fixación de poboación ao territorio.

As casas niño constitúen un recurso específico para os concellos de menos de 5.000 habitantes complementario a outros existentes na nosa comunidade, como a rede de escolas Infantís dependente da Administración autonómica; as prazas en escolas infantís de iniciativa social; e o programa Bono Concilia, dotado para o vindeiro curso con máis de 3,4 millóns de euros.

A Xunta outorgará axudas para mellorar infraestruturas e equipamento de escolas infantís de iniciativa social de 0 a 3 anos

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2017.- A directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización demográfica, Amparo González, mantivo unha reunión cos responsables das escolas infantís de iniciativa social (EPIS), para informalos da nova orde de axudas destinadas á mellora das infraestruturas e equipamento destes centros de 0 a 3 anos publicada no Diario Oficial de Galicia e que se convoca por primeira vez.

O compromiso coa calidade da atención educativa nas idades máis temperás implica que debe prestarse atención ás infraestruturas en que se desenvolve e ao equipamento co que estas están dotadas, para asegurar que se favorecen ambientes adecuados ás necesidades dos nenos e nenas destas idades. "Contar con espazos apropiados contribúe ao benestar físico e psíquico dos pequenos e tamén do persoal educativo, o que incide favorablemente no desenvolvemento dos procesos de aprendizaxe e na mellora da súa efectividade", explicou a titular autonómica durante o encontro.

Deste xeito, esta orde de axudas para o ano 2017 subvencionará as obras menores de adecuación e mellora das infraestruturas dos centros de atención á primeira infancia, así como obras novas de escasa contía que melloren a accesibilidade ou doten o edificio de servizos necesarios. Estas axudas tamén cubrirán a adquisición e mellora do equipamento preciso para o desenvolvemento da actividade, incluída a compra de mobiliario interior e exterior e material didáctico de xogo, así como a dotación de conexión á internet e compra de dispositivos para a integración das novas tecnoloxías na aula (ordenador, encerado dixital, gravadoras, etc).

- ▶ **A administración autonómica destina a estas subvencións, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, 600.000 euros**
- ▶ **A orde, publicada no Diario Oficial de Galicia, tamén subvencionará obras novas de escasa contía que melloren a accesibilidade ou doten o edificio de servizos necesarios**

Amparo González destacou que a Xunta de Galicia destina a estas axudas, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), 600.000 euros. Grazas a este importe, financiarase ata o 100% do investimento subvencionable e unha contía máxima por cada centro de 15.000 euros para as actuacións destinadas á realización de obras e de 10.000 euros para as destinadas á compra de equipamento e mais á integración das novas tecnoloxías na aula. Cada entidade poderá percibir unha axuda máxima de 25.000 euros, con independencia do número de centros para os que presente solicitude. Cómpre destacar que en ningún caso serán subvencionables os gastos derivados de actuacións de mantemento xeral das infraestruturas nin a substitución de materiais deteriorados polo uso.

Para poder optar a estas axudas, as entidades deberán estar inscritas no Rexistro Único de


Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social e prestar unha atención educativa con prezos sometidos ao réxime de prezos públicos.

No marco deste encontro Amparo González fixo referencia ao incremento do 3% no investimento da orde que regula as axudas ás EPIS e que ten como fin subvencionar os gastos de persoal, de alimentación e outros gastos xerais de mantemento dos centros.

Programa de apoio á natalidade

A directora xeral lembrou que esta actuación se enmarca no PAN, un programa integral da Xunta de Galicia que ten como obxectivo apoiar as familias galegas ofrecendo respostas globais ás súas necesidades a través de políticas públicas de apoio á familia e á infancia, así como mediante a promoción e adopción de medidas de conciliación que garantan un ambiente favorable para o libre desenvolvemento das familias.

<http://www.pan.gal/>



http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20170612/AnuncioG0425-050617-0001_gl.pdf

A Xunta abre o prazo de solicitude do Bono Concilia ás familias con fillos e fillas menores de tres anos

- ▶ **A Consellería de Política Social destina máis de 3,4 millóns de euros a esta axuda, que permite sufragar o custo dunha praza en escolas non financiadas con fondos da Administración a aquelas familias que non obtivesen praza pública nunha escola infantil de cero a tres anos**

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2017. - A Xunta de Galicia abriu o prazo de presentación de solicitudes para beneficiarse do Bono Concilia, unha axuda económica directa ás familias que permite sufragar o custo dunha praza nunha escola infantil de 0 a 3 anos non sostida con fondos públicos destinada a aquelas que non obtivesen praza financiada pola Administración para os seus fillos ou fillas ou que residan en concellos onde non hai un recurso público deste tipo. O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica a orde que regula a concesión destas axudas, que forman parte das medidas do Programa de apoio á natalidade que está a desenvolver o Goberno galego.

A contía total desta nova convocatoria do Bono Concilia ascende a 3.489.200 euros, aínda que é ampliable no caso de que sexa necesario atender a todas as solicitudes que se reciban e cumpran cos requisitos. O obxectivo é conseguir, como no actual curso, que todas as familias solicitantes dunha praza para a atención de nenos e nenas de 0 a 3 anos a obteñan e que non exista lista de

espera. Con carácter xeral, as persoas interesadas tiveron un mes de prazo para pedir esta achega.

A orde destas axudas para o vindeiro curso 2017-2018 presenta diversas novidades co obxectivo de chegar ao maior número de familias posibles. Deste xeito, habilitase a posibilidade de conceder o Bono Concilia a nenos e nenas con necesidades específicas de apoio educativo que superen a idade máxima regulamentaria e teñan concedida a flexibilización da duración do período de escolarización. Así mesmo, ampliáanse os supostos de admisión de solicitudes fóra de prazo e ábreanse a todas as familias nas que se produza un nacemento, acollemento ou adopción do neno ou nena con posterioridade ao prazo de presentación de solicitudes fronte á esixencia de ter que residir en concellos onde non existan escolas infantís de cero a tres anos sostidas con fondos públicos da convocatoria anterior.

Para ser beneficiarias, as persoas solicitantes deben ter unha nena ou neno nacido con posterioridade ao 31 de decembro de 2014 e para a obtención da axuda, teñen



prioridade aqueles nenos e nenas que xa tivesen concedida a axuda no curso pasado, de xeito que se poida dar continuidade á súa escolarización. Tamén poden optar ao bono aquelas familias nas que as dúas persoas proxenitoras traballen en quenda de tarde ou en quendas rotativas e que con dereito a praza pública, esta non lles resolva as súas demandas de horario.

O Bono Concilia promove o dereito á escolarización de irmáns/ás nun mesmo centro para facilitar a conciliación das familias. Así as solicitudes para nenos e nenas que xa contan cun irmán ou irmá

nun centro, terán posibilidade de opción directa ao bono concilia nese centro.

A contía que se percibirá por cada praza de xornada completa oscila entre os 45 euros mensuais para as rendas máis altas e os 250 euros (con comedor) para as rendas máis baixas. Cómpre destacar que o Bono Concilia é compatible con outras axudas que poidan recibir as familias para a mesma finalidade sempre que non superen o custo da praza.

Na anterior convocatoria beneficiáronse desta medida 2.599 persoas.

http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20170524/AnuncioG0425-120517-0004_gl.pdf



A Xunta impulsa a mellora e adecuación dos recursos de atención á infancia dos concellos galegos

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2017. - A Xunta de Galicia abriu o prazo de presentación de solicitudes para aqueles concellos galegos que contan cunha escola infantil (0-3 anos) ou un punto de atención á infancia (PAI) e precisen mellorar a adecuar ou mellorar estes centros, con novos equipamentos,

servizos e/ ou material educativo. O Diario Oficial de Galicia publica a orde que regula a concesión destas axudas, que forman parte do Programa de apoio á natalidade (PAN) que está a desenvolver o Goberno galego. Ademais, enmárcase no programa operativo FEDER Galicia para o período 2014-2020.

- ▶ **A convocatoria conta cun orzamento superior ao millón de euros e o prazo para presentar as solicitudes esténdese ata o 5 de xullo**

http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20170605/AnuncioG0425-240517-0001_gl.pdf



A Xunta de Galicia amplía o orzamento para que os nenos e nenas nados en 2016 se beneficien da Tarxeta Benvida

Santiago de Compostela 19 de maio de 2017.- A Xunta publica no Diario Oficial de Galicia o incremento de 420.000 euros sobre o importe inicialmente destinado á Tarxeta Benvida na anualidade de 2017, que ascendería a 9 millóns de euros. Esta ampliación responde ao elevado número de solicitudes recibidas o ano pasado, e á necesidade de garantir que todas as persoas solicitantes que cumpren os requisitos poidan recibir as axudas que lles corresponden.

Cómpre destacar que máis de 15.000 nenos e nenas galegos nados en 2016 xa se benefician da Tarxeta Benvida, unha axuda económica de 1.200 euros que se aboa mediante unha tarxeta moedeiro a razón de 100 euros ao mes durante o primeiro ano de vida do fillo ou filla, que estableceu a Xunta de Galicia para contribuír a paliar os gastos da chegada dun novo membro ás familias galegas.

No 2016, esta medida cubriu arredor do 80% dos nacementos que se produciron en Galicia. A porcentaxe de concesión da tarxeta foi do 93,4%, tendo en conta que do total de solicitudes presentadas (15.832), 14.787 foron favorables. Cómpre destacar que as solicitudes favorables supuxeron a concesión de 15.112 axudas, xa que algunhas delas correspóndense con partos ou adopcións múltiples.

En canto aos datos desagregados por provincias, na Coruña resolvéronse 6.354 solicitudes de xeito favorable, en Lugo 1.614, en Ourense 1.402 e en Pontevedra 5.417.

Neste ano, a través da Orde do 23 de decembro de 2016, consolidouse esta axuda ás familias e ampliáronse os supostos que dan dereito a ela, recollendo como novidade, ademais das familias que no ano 2017 teñan un fillo ou adopten un neno ou

na menor dun ano, aquelas que estean en situación de garda con fins adoptivos dun neno ou nena menor dun ano.

Cómpre lembrar que a convocatoria está aberta durante todo o ano, debendo presentarse a solicitude nun prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao nacemento do neno ou nena.

A Xunta de Galicia realizou un investimento total de 36,4 millóns de euros nas convocatorias da Tarxeta Benvida en 2016 e 2017.

Convocatoria pública de adhesión á Tarxeta Benvida

Ao mesmo tempo, a Consellería de Política Social está a desenvolver unha actuación para a ampliación dos beneficios que comporta a posesión da tarxeta na que invita ao empresariado galego a participar mediante a sinatura dun acordo de adhesión. Deste xeito, poden sumarse a esta iniciativa as persoas físicas e xurídicas que teñan oficinas ou establecementos de libre acceso ao público na Comunidade Autónoma de Galicia e que oferten ás familias titulares da tarxeta unha ampliación ou mellora dos seus beneficios ao presentalas nos seus establecementos.

As vantaxes poden ser de diversos tipos (descontos, obsequios, ofertas especiais) e son fixadas libremente por quen as ofrece, debendo ser aplicadas a toda a clientela que sexa titular dunha Tarxeta Benvida.

Ata a data, xa se adheriron ao programa firmas como Supermercados Eroski Center, Hipermercados Eroski, Supermercados Familia, Mi Mueble BB S.L.U., tendas Neobel e perfumerías Avenida, e o Grupo Cuevas.

Programa de Apoio á Natalidade

A convocatoria da Tarxeta Benvida en 2016 supuxo a posta en marcha por primeira vez

- ▶ **O investimento inicial para esta axuda no presente ano ascendería a 9 millóns de euros, aos que se engadirán 420.000 euros**
- ▶ **No 2016, as familias de máis de 15.000 bebés recibiron a súa tarxeta**
- ▶ **Esta axuda cubriu arredor do 80% dos nacementos que se produciron en Galicia no pasado ano**
- ▶ **En 2017 ampliáronse os supostos que dan dereito á obter a axuda, de xeito que as familias que estean en situación de garda con fins adoptivos dun neno ou nena menor dun ano tamén se poderán beneficiar dela**


dunha axuda deste tipo en Galicia, a cal forma parte do Programa de apoio á natalidade (PAN), un proxecto global que persigue dar resposta ás necesidades das nais e pais galegos, garantir o benestar das familias e apoialas de xeito integral e continuo desde o primeiro momento. O PAN contempla tres grandes áreas de actuación: PAN- Axudas, PAN-Concilia e PAN- Servizos.

A través do PAN- Axudas, no que se enmarca a Tarxeta Benvida, a Xunta de Galicia quere contribuír a paliar o custo que leva aparelado a crianza dos fillos e fillas. O PAN- Axudas tamén contén outras medidas compatibles

coa Tarxeta Benvida, como o incremento da dedución fiscal por nacemento ou adopción de fillos e fillas para contribuíntes cuxas rendas sexan iguais ou inferiores a 22.000 euros; a prestación de pagamento único por fillos e fillas menores de 3 anos para as persoas que non teñan a obriga de presentar a declaración da renda; e a exención de pagamento nas escolas infantís para o segundo fillo ou filla que acuda ao mesmo centro daquelas familias cunha renda per cápita igual ou inferior a 7.500 euros anuais e aos menores en situación de acollemento familiar desde o curso 2014-2015.



<http://www.pan.gal/>



A Xunta investirá preto de 8 millóns de euros en catro proxectos europeos dirixidos ás persoas maiores e á xuventude

- ▶ As iniciativas denomínanse “Nutriage”, “Red May”, “Lidera” e “Eurocidade Chaves-Verín”, e a súa execución prolongarase ata o ano 2019
- ▶ As dúas primeiras teñen por obxecto mellorar a alimentación e menús nas residencias de maiores e centros de día de titularidade autonómica, así como consolidar unha rede de apoio sociocomunitario aos maiores que viven en contornas rurais
- ▶ O programa “Lidera” pretende xerar novas oportunidades laborais entre a mocidade mediante o fomento do autoemprego e o espírito empresarial
- ▶ E o proxecto de “Eurocidade Chaves-Verín” afondará na mellora da colaboración e coordinación entre administracións, institucións e empresas de ambos territorios



O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, explicou no Parlamento estas novas accións enmarcadas no programa Interreg V Galicia-Norte de Portugal

Santiago de Compostela 6 de xuño de 2017.- O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, compareceu esta tarde no Parlamento de Galicia para dar conta da concesión de fondos europeos para a realización de catro proxectos dirixidos a dous segmentos concretos da poboación: os maiores e a xuventude, e cuxas denominacións son “Nutriage”, “Red May”, “Lidera” e “Eurocidade Chaves-Verín”. O orzamento conxunto destas accións ascende a 7,8 millóns de euros, dos cales o 75% son financiados pola Unión Europea ao abeiro do programa de cooperación internacional Interreg V 2014-2020 e no marco da Eurorexión Galicia-Norte de Portugal.

No que atinxe ao proxecto “Nutriage”, Rey Varela explicou que esta iniciativa permitirá mellorar a alimentación e menús nas residencias de maiores e centros de día de titularidade autonómica, e que tamén beneficiará aos usuarios do programa Xantar na casa. “O que procuramos con este proxecto é asegurar aos nosos maiores unha vida saudable e activa tendo en conta un factor determinante como é unha alimentación equilibrada, adaptada ás súas necesidades e fundamentada na dieta atlántica”, indicou.

Ademais, a execución desta intervención está dividida en

varias fases. A primeira consistirá no estudo da situación actual, durante a que se avaliará as necesidades, programas e hábitos alimentarios de 1.500 residentes en centros da Xunta de Galicia. A segunda e terceira fases centraranse no deseño de estratexias de intervención nutricional e realizárase unha experiencia piloto durante un ano na que participarán arredor de 300 maiores. A última fase fundamentarase en testar a repercusión que tivo as melloras alimenticias no benestar e na calidade de vida dos maiores, así como en avaliar os beneficios sanitario e social do proxecto.

O programa “Nutriage” conta cun orzamento de 3,5 millóns de euros e os socios que participantes son, por parte de Galicia: a Xunta, a Universidade e o Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela, o Clúster Alimentario de Galicia e o Centro Tecnolóxico Anfacocopesca. Por parte de Portugal, os socios do proxecto son a Universidade Católica Portuguesa de Porto, o Instituto Politécnico de Viana do Castelo, Portugal Foods e as Casas da Misericordia de Porto e Viana do Castelo.

Rede de apoio no rural

A segunda das intervencións que vén de recibir a concesión de fondos europeos ten a

denominación de “Red May”, e ten como finalidade consolidar unha rede de apoio e mantemento comunitario de persoas maiores de 55 anos que residen en municipios de carácter rural. A Consellería de Política Social, a Universidade de Vigo e a Cámara Municipal de Braga son as tres entidades que pilotan este proxecto que conta para a súa execución cun orzamento de 1,1 millón de euros.

O programa contempla a posta en marcha de unidades móbiles de servizos sociais e para a atención a persoas con alzhéimer e outras demencias neurodexenerativas. Estas unidades realizarán itinerarios por distintas localidades con estadías de cinco días en cada unha. Tamén propón a creación de contornas amigables para garantir a permanencia nos fogares e niveis óptimos de autonomía deste segmento da poboación, para o que se definirán liñas estratéxicas en materia de habitabilidade e adaptación de servizos e estruturas.

Rey Varela indicou que estes dous proxectos complementarán os diferentes servizos e programas da Xunta de Galicia, como o servizo de axuda no fogar, a teleasistencia avanzada ou as

unidades de atención temperá para persoas con alzhéimer, entre outros. “Con estas iniciativas imos seguir avanzando na consecución dun obxectivo de país: que Galicia sexa o mellor lugar para ser maior”, manifestou.

Asemade, o proxecto “Red May” promoverá un servizo de apoio, información e asesoramento en xestións básicas como as facturas de servizos da auga ou da luz, no tema das receitas médicas ou servizos bancarios, entre outros. E, por último, avoga por avanzar no fogar dixital, actividade destinada a facilitar a vida autónoma das persoas maiores ofrecéndolles atención na súa contorna habitual a través de medios tecnolóxicos que lles permitan un envellecemento activo e previr a dependencia.

Oportunidades para a xente nova

No ámbito de xuventude, os dous proxectos aprobados ao abeiro desta convocatoria do Interreg V son a iniciativa “Lidera”, como catalizadora de oportunidades de emprego e emprendemento da xente nova, e o proxecto Eurocidade Chaves-Verín, como ferramenta de aproximación de Europa aos cidadáns. O primeiro

<http://www.poctep.eu/>



deles ten como finalidade crear as condicións necesarias para a aparición de novas iniciativas empresariais, poñendo o foco nas pequenas e medianas empresas, así como na promoción do espírito empresarial e emprendedor entre a mocidade.

A iniciativa "Lidera" está pilotada pola Xunta, e conta en calidade de socios coa Fundación Galicia-Europa, a Cámara de Comercio de Santiago de Compostela, a Asociación Comercial de Emprendedores de Galicia (Ascega), o Instituto Portugués do Deporte e a Xuventude, a Federación Nacional de Asociacións Xuvenís Portuguesa e a Comunidade Intermunicipal do Ave.

O presuposto do programa ascende a 1,4 millóns de euros e as metas principais pasan por facilitar a adaptación e colocación de 500 mozos e mozas que non estean no mercado laboral mediante a mellora da súa empregabilidade, así como promover a posta en marcha de 100 novas iniciativas empresariais. Neste sentido e para conseguir estes obxectivos levarase a cabo unha batería de actuacións: encontros sectoriais, experiencias de mobilidade entre a xuventude galega e a do norte de Portugal, tutorías e acompañamento en autoemprego e cursos de formación individualizados, entre outras.

O cuarto e último proxecto que conta co apoio económico da Unión Europea permitirá dar continuidade á Eurocidade Chaves-Verín e conta cun orzamento de

1,7 millóns de euros. Rey Varela detallou que a finalidade desta acción "é conseguir a mellora da capacidade institucional das autoridades públicas e a eficiencia da Administración, a través da promoción da cooperación xurídica e administrativa, así como entre os cidadáns e as institucións".

Así, no marco deste proxecto se desenvolverán eventos dirixidos á xuventude no ámbito da formación, música, deporte e cultura; programas de termalismo e voluntariado; creárase a tarxeta do eurocidadán, para dinamizar o sector do comercio e servizos; porase en marcha unha rede de información turística; organizaranse misións e xornadas empresariais e tamén actuacións específicas de promoción do emprendemento. Os concellos de Verín e Chaves súmanse como socios a este proxecto, no que participan as mesmas entidades que no "Lidera" agás a Cámara de Comercio de Santiago de Compostela.

O responsable da área Social do Goberno galego insistiu en que con estes catro proxectos cofinanciados pola Unión Europea "teremos a oportunidade de seguir avanzando en dous dos principais retos de país que ten Galicia por diante, como son: continuar mellorando a calidade de vida das persoas maiores, en especial daquelas con dependencia e que residen en contornos rurais; e ofrecer á mocidade novas oportunidades de desenvolvemento persoal e emprego", concluíu.

A Xunta pon á disposición da mocidade 220 prazas nas residencias xuvenís para o curso 2017-2018

- ▶ Están destinadas a persoas de 16 a 30 anos que cursen ciclos formativos de grao medio ou superior, bacharelato, estudos universitarios ou estudos superiores en ensinanza artística

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2017.- A Xunta de Galicia pon a disposición da mocidade de 16 a 30 anos 220 prazas nas residencias xuvenís para o curso 2017-2018, das cales 74 se ofertan no centro residencial LUG de Lugo, 55 na residencia Florentino López Cuevillas de Ourense e 91 na residencia Altamar de Vigo. Así se recolle no Diario Oficial de Galicia.

Poderán optar a estas prazas os mozos e mozas que estean estudando durante o vindeiro curso académico. Tamén se reservan un 9% das prazas para traballadores e outro 9% para vítimas da violencia de xénero ou para fillos e fillas cuxas proxenitoras a sufrisen.

Estas residencias xuvenís ofrecen, ademais de aloxamento en réxime de internado, unha serie de servizos e actividades convencionais e educativas complementarias, intentando deste xeito fomentar os valores culturais, sociais e deportivos entre a xuventude.

Aqueles estudantes que desexen optar a unha praza deberán cursar ciclos formativos de grao medio ou superior, bacharelato, estudos universitarios ou estudos superiores en ensinanza artística. Ademais, será requisito que no concello onde radique a súa residencia familiar non existan centros públicos que oferten estas formacións.

No caso das prazas reservadas para traballadores, pídesse que o lugar de traballo teña o enderezo nun concello distinto ao lugar da residencia habitual do interesado e

que o seu contrato sexa dunha duración mínima de tres meses a contar desde a data en que finalice o prazo de presentación de solicitude. No caso de ser un traballador autónomo por conta propia, será necesario que estea dado de alta no réxime de traballadores autónomos da Seguridade Social con anterioridade á publicación da convocatoria.

Para a adxudicación de prazas, os baremos xenéricos son a antigüidade na residencia, a renda da unidade familiar, a situación de familia numerosa ou monoparental, a condición de orfandade, a discapacidade de calquera membro da unidade familiar e a residencia, segundo sexa dentro ou fóra de Galicia. Así mesmo, valorarase ter un irmán con praza renovada na residencia, a situación laboral de desemprego sen prestación económica dos pais e, no caso das mulleres, estar embarazadas.

O período máximo de estada dos beneficiarios será de 11 meses e estará comprendido no período establecido para o curso académico 2017-2018. A cota mensual a pagar por cada residente será de 324 euros por mes no caso de cuarto dobre e de 250 euros por mes no caso de cuarto cuádruplo.

O prazo de presentación de solicitudes é dun mes a contar desde o día seguinte á publicación da orde no Diario Oficial de Galicia. Todas as persoas interesadas poderán atopar toda a información na páxina web da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20170613/AnuncioG0425-050617-0003_gl.pdf



DOG

Diario Oficial de Galicia

A Xunta pilota un programa europeo para mellorar a empregabilidade e fomentar o emprendemento xuvenil

- ▶ A finalidade é facilitar á mocidade máis oportunidades laborais e de formación, a través de accións que impulsen o espírito empresarial, a busca activa de traballo e a creación dunha rede de apoio á empregabilidade a partir da posta á disposición dos Espazos Xoves
- ▶ A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado impulsa este proxecto no que tamén participan como socios as seguintes entidades galegas e portuguesas: a Fundación Galicia Europa, a Cámara de Comercio de Santiago, a Asociación Comercial de Emprendedores de Galicia, o Instituto Portugués do Deporte e da Xuventude, a Federación Nacional de Asociacións Xuvenís Portuguesas e a Comunidade Intermunicipal do Ave
- ▶ A Unión Europea, a través de fondos para o desenvolvemento rexional, financia o 75% do investimento total nesta iniciativa, que ascende a algo máis de 1,4 millóns de euros e cuxo prazo de execución remata en 2019

Noia (A Coruña), 21 de xuño de 2017.-

A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez Suárez, participou hoxe na presentación do proxecto de cooperación internacional Lidera, impulsado pola Xunta con outras entidades galegas e de Portugal co obxectivo de poñer en valor as capacidades laborais e de emprendemento da xente nova que reside na Comunidade Autónoma e na rexión norte do país veciño. A Unión Europea, a través de fondos para o desenvolvemento rexional, achega o 75% do orzamento desta actuación ao abeiro do programa Interreg V España-Portugal 2014-2020, sendo o investimento total de 1.428.692,93 euros.

A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado actúa como actor principal desta proposta na que ten como socios galegos a Fundación Galicia Europa; a Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de Santiago de Compostela e a Asociación Comercial de Emprendedores de Galicia (Ascega). Así mesmo, por parte de Portugal, as institucións que participan son o Instituto Portugués do Deporte e da Xuventude, a Federación Nacional de Asociacións Xuvenís Portuguesa e a Comunidade Intermunicipal do Ave.

Cecilia Vázquez explicou en rolda de prensa que o eixo fundamental do Lidera "está dirixido a mellorar as condicións necesarias e propias para a aparición de novas iniciativas empresariais tanto en Galicia como na zona norte de Portugal, sendo a mocidade a principal destinataria das accións que se organicen no marco desta intervención". Nesta liña, destacou que esta proposta "supón unha aposta conxunta por parte das entidades que colaboran no seu desenvolvemento para facer fronte a un reto compartido por todos como é o desemprego xuvenil, ante o que se fai necesaria unha cooperación que permita reter aos mozos e mozas na zona e que estes sexan motor do impulso económico da mesma".

No que atinxe aos obxectivos específicos do programa, a responsable do departamento autonómico de Xuventude sinalou que estes pasan por facilitar a adaptación e colocación de xente nova que non estea no mercado laboral a través da realización de actividades relacionadas coa busca activa de emprego, o empoderamento, a mellora da empregabilidade e a posta en valor das súas inxerencias persoais.

Ademais, outra das finalidades do Lidera é facilitar á mocidade máis oportunidades



O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, explicou no Parlamento estas novas accións enmarcadas no programa Interreg V Galicia-Norte de Portugal

de emprego e de formación mediante o desenvolvemento dunha rede de apoio á empregabilidade que permita a inserción laboral por conta allea; así como tamén promover, asesorar e facer un seguimento de novas iniciativas empresariais que se poñan en marcha no territorio obxecto do programa.

Crece, Cataliza, Emrende

Este proxecto de cooperación entre Galicia e o norte de Portugal ten de prazo de execución ata o ano 2019 e levarase a cabo en tres fases principais denominadas Crece, Cataliza e Emrende. En cada unha delas se levarán a cabo toda unha serie de actuacións encamiñadas a apoiar a empregabilidade da poboación xuvenil, entre outras: encontros sectoriais, accións de mobilidade entre os territorios implicados na iniciativa, cursos on line masivos e abertos e cursos de

especialización en axentes de cooperación transfronteiriza, sesións de coaching individual, tutorías individualizadas e encontros anuais de xuventude emprendedora.

A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado pon á disposición do Lidera os Espazos Xoves de Curtis, Noia, Pontedeume, Betanzos, Carballo, Chantada, Vilalba, Viveiro, Lalín, Vilagarcía de Arousa e Ourense, ademais das Oficinas transfronteirizas de Información Xuvenil Galicia-Norte de Portugal de Verín e Tui. Estes equipamentos, xunto cos centros de atención que o Instituto do Deporte e da Xuventude de Portugal e a Federación Portuguesa de Asociacións Xuvenís teñen en Minho-Limam Cávado, Ave, Grande Porto, Tâmega e Alto Trás os Montes constituirán unha rede de apoio á empregabilidade da mocidade que participe neste proxecto.

<http://xuventude.xunta.es/>



A Xunta de Galicia gaña o premio Vacacións Solidarias 2017 da Rede Española de Albergues Xuvenís

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2017.- A Xunta de Galicia e a súa proposta de campamento solidario Aventura en Gandarío vén de resultar gañadora do certame convocado pola Rede española de albergues xuvenís (REAJ). Deste xeito, a iniciativa galardoada recibirá unha achega económica desta entidade para a súa celebración nas instalacións xuvenís situadas no concello coruñés de Bergondo do 29 de agosto ao 5 de setembro deste ano.

A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, en colaboración co departamento de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, é a impulsora deste proxecto que procura reducir a desigualdade social facilitando que os nenos e nenas sen recursos económicos poidan

beneficiarse dunhas vacacións nun albergue que forma parte da REAJ. En concreto, en Aventura en Gandarío participarán 45 nenos e nenas de 9 a 12 anos en situación de tutela ou garda da Administración autonómica.

A través dunha estadía de oito días, os asistentes mellorarán a súa capacidade de adaptación e integración mediante a realización de actividades culturais e deportivas baseadas na cooperación e no respecto cara os demais. Entre elas, destacan actividades de orientación, aulas de natureza, multiaventura ou xogos populares. Así mesmo, no campamento tamén se fomentarán os hábitos de vida saudables mediante a promoción dun estilo de vida activo e unha alimentación adecuada.

- ▶ **A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado impulsa o proxecto Aventura en Gandarío, que permitirá que un grupo de 45 menores en garda ou tutela da Administración participen este verán nunha estadía de oito días nas instalacións xuvenís situadas no municipio coruñés de Bergondo.**

O proxecto de Galicia resultou o mellor valorado polos técnicos das oito comunidades autónomas presentes no comité executivo de REAJ. As

avaliacións fixéronse de maneira anónima, xa que os técnicos descoñecían a que comunidade pertencían as propostas que estaban a estudar.

<https://reaj.com/>



A Xunta reforza a implicación da mocidade e das entidades xuvenís para elaborar o Plan estratéxico de Xuventude 2018-2020

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2017.- A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez Suárez, presidiu a sesión de lanzamento do novo Plan estratéxico de Xuventude para o período 2018-2020. A sala Eisenman da Cidade da Cultura acolleu esta mañá a presentación deste proceso de participación e consulta que ten como finalidade incorporar a voz dos mozos e mozas, así como dos axentes, colectivos e asociacións que os representan na definición dos obxectivos e accións do devandito plan estratéxico.

Na súa intervención, Cecilia Vázquez sostivo que a intención da Xunta é iniciar outro ciclo tras a planificación desenvolvida desde 2014 recollendo nun novo documento as demandas actualizadas e as aspiracións da xuventude. Ao respecto, recordou que no plan

anterior "xa contamos coa mocidade, aínda que cremos necesario reforzar e sistematizar as canles de escoita activa e participación para adaptar os programas ou pór en marcha novas iniciativas que dean resposta ás inquietudes e necesidades da xente nova".

O propósito da Dirección xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado é que as distintas partes involucradas coñezan que poden chegar ao Plan Estratéxico e a sistemática prevista para a súa elaboración, así como cal será o sentido da súa contribución. O documento final recollerá os obxectivos e as actuacións plurianuais das políticas para a mocidade que se implementarán e executarán de maneira transversal e coordinada entre todas as Consellerías da Xunta de Galicia, tal e como marca a Lei de Xuventude de Galicia.

- ▶ **Cecilia Vázquez presentou hoxe a axentes, asociacións e colectivos a folia de ruta deste proceso que culminará con novo plan de xuventude acorde coas prioridades e demandas da xente nova, das asociacións e da propia administración**
- ▶ **O novo documento dará continuidade ao anterior plan, que estivo en vigor entre os anos 2014 e 2016 e que permitiu o desenvolvemento de 240 medidas cun orzamento de 343 millóns de euros.**

Á presentación do que será este proceso de participación e reflexión que tivo lugar na xornada de hoxe asistiron membros do Comité Galego de Políticas de Xuventude, concelleiros de xuventude, membros de asociacións xuvenís e entidades prestadoras de servizos á mocidade, entidades de voluntariado, escolas de tempo libre, informadores xuvenís, persoal dos espazos Xove e residencias xuvenís, así como mozos e mozas interesados en participar.

Cecilia Vázquez falou dunha nova etapa no horizonte 2020 e lembrou que o anterior plan de xuventude 2014-2016 se estruturou en once eixos de acción. Estes foron: educación, emprego, vivenda, creatividade e espírito emprendedor, saúde e deporte, participación e asociacionismo, voluntariado, información e formación, mobilidade e turismo, dinamización lingüística e igualdade. O anterior plan estratéxico supuxo o desenvolvemento de 240 medidas cun orzamento de 343 millóns de euros.

Actualidade

A Xunta e a asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí renovan a súa colaboración co programa 'Vacacións en paz'

- ▶ O vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda, e o conselleiro de Política Social, José Manuel Rey, asinaron con SOGAPS un convenio neste sentido
- ▶ O orzamento da iniciativa ascende a 150.000 euros e destínase a sufragar o traslado dos nenos e nenas desde os campamentos de Tindouf (Alxeria).

Vigo, 16 de maio de 2017.-

O vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda, e o conselleiro de Política Social, José Manuel Rey, asinaron un convenio de colaboración en Vigo coa presidenta da asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí (Sogaps), Maite Isla. O obxectivo desta cooperación é poñer en marcha, un ano máis, o programa Vacacións en paz.

Ao abeiro deste convenio, dotado cun orzamento total de 150.000 euros, financiarase o traslado dos nenos e nenas saharauís, procedentes dos campamentos de refuxiados de Tindouf (Alxeria) que serán acollidos por familias galegas durante os meses de verán.

A colaboración entre a Administración autonómica e SOGAPS comezou en 2006 e, desde esa data e ata hoxe en día, o Goberno galego ten apoiado o financiamento de distintos proxectos por valor de máis de 700.000 euros.

O vicepresidente da Xunta destacou a relevancia deste proxecto de cooperación que permite, ademais, que se visibilice a situación destes refuxiados mentres se axuda aos máis débiles: aos nenos e nenas. Tamén eloxiou o esforzo desinteresado das familias que participan no programa; dos concellos que colaboran na iniciativa; e de todos os voluntarios de SOGAPS que fan este proxecto posible.



Pola súa banda, o conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, destacou que valores como a tolerancia, o respecto e a solidariedade están moi presentes nesta iniciativa, que permite aos nenos e nenas saharauís gozar dun verán cheo de alternativas de ocio e lecer con familias de Galicia. Así, indicou que "o éxito deste programa recae por completo nas familias galegas que dende hai anos acollen nos seus fogares a este

menores dándolles a oportunidade de coñecer un modo de vida distinto e de enriquecer os seus coñecementos".

Neste sentido, Rey Varela fixo fincapé no que os menores saharauís achegan ás súas familias de acollida posto que "motivan que reflexionemos sobre moitas cousas ás que damos máis importancia da que teñen en realidade, e ábreunos os ollos e a mente ao amosarnos outra perspectiva de ver e estar no mundo", concluíu.

<https://sogaps.org/>

A Xunta reforza o seu apoio ás entidades de iniciativa social para a promoción de servizos de inclusión

http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20170602/AnuncioG0425-220517-0005_gl.pdf



Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2017.-

A Xunta de Galicia vén de publicar no Diario Oficial de Galicia a orde para a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para a promoción de actuacións de servizos sociais comunitarios e de inclusión social para os anos 2017 e 2018. Esta convocatoria está cofinanciada parcialmente polo Fondo Social Europeo e polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional. En total, a liña de axudas contará cun orzamento de 10.128.252 euros para este bienio, o que representa un aumento do 20% respecto ao investimento realizado na convocatoria anterior. Trátase do quinto ano consecutivo no que se incrementa o orzamento destinado a esta convocatoria que será, por terceira vez, plurianual para dar resposta ás demandas das entidades e facilitar un prazo maior para executar as súas accións.

Un ano máis, garántese que todos os comedores, albergues e centros de acollida recibirán

subvención sempre que contengan a autorización oficial da Xunta. Así mesmo, as entidades poderán pedir anticipos da subvención para o desenvolvemento das súas actividades de inclusión.

A convocatoria engloba tres liñas de axuda. En primeiro lugar a orde regula as axudas dirixidas á cobertura de necesidades básicas como o aloxamento e manutención, a través de subvencións aos centros de inclusión e emerxencia social (albergues, centros de acollida ou comedores sociais).

En segundo lugar, destaca a subvención a proxectos de carácter innovador ou complementarios aos servizos sociais comunitarios básicos (programas de convivencia, alternativa ou de fomento da cooperación). Ao abeiro desta liña de axudas fomentárase a atención para a inclusión social e o acceso ao mercado laboral das persoas en risco de exclusión social (itinerarios de inclusión sociolaboral ou apoio á conciliación) e tamén

- ▶ Esta convocatoria conta cun orzamento superior aos 10 millóns de euros, un 20% máis que na pasada convocatoria
- ▶ A orde engloba tres liñas de axuda: as dirixidas á cobertura de necesidades básicas como o aloxamento e manutención, os proxectos de carácter innovador e/ou complementarios dos servizos sociais comunitarios básicos e o investimento en centros de inclusión e emerxencia social

para a poboación inmigrante (mellora das competencias ou formación lingüística, entre outros). É de destacar a continuación do programa de mediación intercultural dirixido a facilitar a comunicación e a convivencia entre persoas procedentes de diferentes culturas, así como, por primeira vez, o financiamento de accións de asesoramento técnico en estranxeiría.

A terceira liña de actuación ten que ver co investimento en centros de inclusión e emerxencia social para a súa construción, ampliación, reforma ou mellora, así como a adquisición de inmoables, equipamento e moblaxe ou vehículos de transporte vinculados á prestación dos servizos propios do centro.

Por outra banda, prestarase atención ao compoñente territorial das dinámicas de exclusión,

subvencionando actuacións en territorios que padezan exclusión territorial severa por causa da dispersión, perda de poboación ou dificultades de comunicación.

Estratexia para a inclusión social de Galicia 2014-2020

A Estratexia para a inclusión social de Galicia 2014-2020, contempla como unha prioridade os procesos vinculados á inclusión social das persoas usuarias dos servizos, establecendo unha liña de axudas destinada ao desenvolvemento de accións de capacitación persoal para a mellora da empregabilidade das persoas en situación ou risco de exclusión social, así como ao traballo de acompañamento social e ao apoio preciso para facilitar a participación das persoas destinatarias nos proxectos de inclusión sociolaboral.

http://politicassocial.xunta.gal/export/sites/default/Benestar/Biblioteca/Documentos/Plans_e_programas/estratexia_inclusion_social_galicia_2014-2020_version_2016_gal.pdf

<http://politicassocial.xunta.gal/web/portal/portada-de-inclusion>

The screenshot shows the 'Política Social' section of the Xunta de Galicia website. It features a navigation menu with 'Conseillería', 'Sala de comunicación', 'Recursos', and 'Temas'. Below the menu are several news items: 'Campamentos de verano específicos para persoas con discapacidade 2017', 'AXUDAS E SUBVENCIÓNS. FONDOS EUROPEOS' with the European Union flag, and 'ALERTAS e PUBLICACIÓNS de política social'. The website is formatted for high contrast.

The cover of the 'Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020' document. It has a dark background with the title in large, bold, orange letters. The years '2014-2020' are printed in white at the bottom right.

Actualidade

Días internacionais

Estes son os principais días internacionais observados actualmente polas Nacións Unidas.

| | | | |
|--|--|--|--|
| Xaneiro | das Vítimas da Escravitude e a Trata Transatlántica de Escravos | 12 de xuño | 15 de xullo |
| 27 de xaneiro | | - Día Mundial contra o Traballo Infantil | - Día Mundial das Habilidades da Xuventude |
| - Día Internacional de Conmemoración Anual en Memoria das Vítimas do Holocausto | Abril | 13 de xuño | 18 de xullo |
| | 2 de abril | - Día Internacional de Sensibilización sobre o Albinismo | - Día Internacional de Nelson Mandela |
| Febreiro | - Día Mundial de Concienciación sobre o Autismo | | 30 de xullo |
| 6 de febreiro | 6 de abril | 14 de xuño | - Día Internacional da Amizade |
| - Día Internacional de Tolerancia Cero coa Mutilación Xenital Feminina | - Día Internacional do Deporte para o Desenvolvemento e a Paz | - Día Mundial do Doador de Sangue | - Día Mundial contra a Trata |
| 11 de febreiro | 7 de abril | 15 de xuño | Agosto |
| - Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia | - Día Mundial da Saúde | - Día Mundial de Toma de Conciencia de Abuso e Maltrato na Vellez | 12 de agosto |
| 20 de febreiro | 28 de abril | 19 de xuño | - Día Internacional da Xuventude |
| - Día Mundial da Xustiza Social | - Día Mundial da Seguridade e Saúde no Traballo | - Día Internacional para a Eliminación da Violencia Sexual nos Conflitos | 19 de agosto |
| Marzo | 29 de abril | 20 de xuño | - Día Mundial da Asistencia Humanitaria |
| 1º de marzo | - Día de Conmemoración de todas as vítimas da guerra química | - Día Mundial dos Refuxiados | 23 de agosto |
| - Día da Cero Discriminación (ONUSIDA) | Maiο | 23 de xuño | - Día Internacional do Recordo da Trata de Escravos e da súa Abolición |
| 8 de marzo | 15 de maio | - Día Internacional das Viúvas | 30 de agosto |
| - Día Internacional da Muller | - Día Internacional da Familia | 25 de xuño | - Día Internacional das Vítimas de Desaparicións Forzadas |
| 20 de marzo | 21 de maio | - Día da Xente do Mar | Setembro |
| - Día Internacional da Felicidade | - Día Mundial da Diversidade Cultural para o Diálogo e o Desenvolvemento | 26 de xuño | 5 de setembro |
| 21 de marzo | 29 de maio | - Día Internacional en Apoio das Vítimas da Tortura | - Día Internacional da Beneficencia |
| - Día Internacional da Eliminación da Discriminación Racial | - Día Internacional do Persoal de Paz das Nacións Unidas | - Día Internacional da Loita contra o Uso Indevido e o Tráfico Ilícito de Drogas | 8 de setembro |
| - Día Mundial da Síndrome de Down | Xuño | Xullo | - Día Internacional da Alfabetización |
| 24 de marzo | 1º de xuño | 2 de xullo (primeiro sábado de xullo) | 10 de setembro |
| - Día Internacional do Dereito á Verdade en Relación con Violacións Graves dos Dereitos Humanos e da Dignidade das Vítimas | - Día Mundial das Nais e os Pais | - Día Internacional das Cooperativas | - Día Mundial para a Prevención do Suicidio |
| 25 de marzo | 4 de xuño | 11 de xullo | 15 de setembro |
| - Día Internacional do Recordo | - Día internacional dos Nenos Vítimas Inocentes de Agressión | - Día Mundial da Poboación | - Día Internacional da Democracia |

| | |
|---|---|
| 21 de setembro | - Día Universal do Neno |
| - Día Internacional da Paz | 25 de novembro |
| Outubro | - Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller |
| 1º de outubro | 29 de novembro |
| - Día Internacional das Persoas de Idade | - Día Internacional de Solidariedade co Pobo Palestino |
| 2 de outubro | Decembro |
| - Día Internacional da non Violencia | 1º de decembro |
| 10 de outubro | - Día Mundial da Loita contra a Sida |
| - Día Mundial da Saúde Mental | 2 de decembro |
| 11 de outubro | - Día Internacional para a Abolição da Escravitude |
| - Día Internacional da Nena | 3 de decembro |
| 15 de outubro | - Día Internacional das Persoas con Discapacidade |
| - Día Internacional das Mulleres Rurais | 5 de decembro |
| 16 de outubro | - Día Internacional dos Voluntarios |
| - Día Mundial da Alimentación | 9 de decembro |
| 17 de outubro | - Día Internacional para a Conmemoración e Dignificación das Vítimas do Crime de Xenocidio e para a Prevención dese Crime |
| - Día Internacional para a Erradicación da Pobreza | 9 de decembro |
| 24 de outubro | - Día Internacional contra a Corrupción |
| - Día das Nacións Unidas | 10 de decembro |
| 24 de outubro | - Día dos Dereitos Humanos |
| - Día Mundial de Información sobre o Desenvolvemento | 18 de decembro |
| Novembro | - Día Internacional do Migrante |
| 10 de novembro | 20 de decembro |
| - Día Mundial da Ciencia para a Paz e o Desenvolvemento | - Día Internacional da Solidariedade Humana |
| 16 de novembro | |
| - Día Internacional para a Tolerancia | |
| 20 de novembro | |

<http://www.un.org/es/events/populationday/>



Día Mundial de la Población

11 de xullo

<http://www.un.org/es/events/youthskillsday/index.shtml>



Día Mundial de las Habilidades de la Juventud

15 de xullo

<http://www.un.org/es/events/friendshipday/>



Día Internacional de la Amistad

30 de xullo

<http://www.un.org/es/events/humantrafficking/>



Día Mundial contra la Trata

30 de xullo

<http://www.un.org/es/events/youthday/>



Día Internacional de la Juventud

12 de agosto

<http://www.un.org/es/events/humanitarianday/>



Día Mundial de la Asistencia Humanitaria

19 de agosto

Estatísticas

Risco de pobreza e/ou exclusión social (estratexia Europa 2020). Indicador AROPE

Europa 2020 é a estratexia de crecemento da UE para a próxima década aprobada polo Consello Europeo o 17 de xuño de 2010. Nun mundo en transformación, trátase de conseguir que a UE posúa unha economía intelixente, sustentable e integradora. Estas tres prioridades que se reforan mutuamente contribuirán a que a UE e os seus estados membros xeren altos niveis de emprego, produtividade e cohesión social.

A Unión estableceu para o ano 2020 cinco ambiciosos obxectivos en materia de emprego, innovación, educación, integración social e clima/enerxía. En cada unha destas áreas, cada estado membro fixouse os seus propios obxectivos. A estratexia apóiase en medidas concretas tanto da Unión como dos estados membros.

No apartado de integración social o obxectivo nacional 2020 para España é conseguir que 1.400.000 persoas menos estean en risco de pobreza e/ou exclusión social.

O concepto de risco de pobreza e/ou exclusión social amplíase para considerar non só os termos monetarios (nivel de renda), senón utilizando un concepto multidimensional para definir a pobreza e/ou exclusión social incorpóranse os tres subindicadores seguintes:

- taxa de risco de pobreza despois de transferencias sociais
- carencia material severa de bens
- fogares que presentan moi baixa intensidade laboral

Ao grupo de persoas en risco de pobreza e/ou exclusión social segundo a Estratexia Europa 2020 denomínaselles ERPE (persoas En Risco de Pobreza e/ou Exclusión) ou as siglas en inglés AROPE (At Risk of Poverty and/or Exclusion).

• **Definicións**

Segundo a Estratexia Europa 2020 considéranse persoas en risco de pobreza e/ou exclusión social á poboación que se atopa nalguna das tres situacións que se definen a continuación. Persoas que viven con baixos ingresos (60% da mediana do ingreso equivalente ou por unidade de consumo), e/ou persoas que sofren privación material severa (4 dos 9 items definidos) e/ou persoas que viven en fogares cunha intensidade de emprego moi baixo (por baixo do 20%). No caso de estar incluídas en dous ou tres condicións, as persoas contabilízanse só unha vez.

- Persoas en risco de pobreza despois de transferencias sociais
- Persoas cuxos ingresos son inferiores ao 60% da renda mediana dispoñible equivalente (despois de transferencias sociais). Os ingresos corresponden ao ano anterior ao da enquisa.
- Carencia material severa

A carencia material severa é a proporción da poboación que vive en fogares que carecen polo menos de catro conceptos dos nove seguintes:

- 1) non ter atrasos no pagamento do aluguer, hipoteca, recibos relacionados coa vivenda ou compras a prazos
- 2) manter a vivenda cunha temperatura adecuada durante os meses fríos
- 3) facer fronte a gastos imprevistos

Risco de pobreza ou exclusión social e dos seus compoñentes por comunidades autónomas 2016

| | Taxa de risco de pobreza ou exclusión social (indicador AROPE) | En risco de pobreza (renda ano anterior á entrevista) | Con carencia material severa | Vivindo en fogares con baixa intensidade no traballo (de 0 a 59 anos) |
|-----------------------------|--|---|------------------------------|---|
| Andalucía | 41,7 | 35,4 | 7,1 | 23,5 |
| Aragón | 18,7 | 15,7 | 2,9 | 7,6 |
| Principado de Asturias | 18,5 | 13,4 | 3,9 | 14,7 |
| Illas Baleares | 19,1 | 15,5 | 3,7 | 6,7 |
| Canarias | 44,6 | 35 | 10,8 | 29,5 |
| Cantabria | 24,6 | 15,3 | 7,5 | 16 |
| Castela e León | 23,2 | 17,7 | 2 | 14,2 |
| Castela – A Mancha | 37,9 | 31,7 | 7,6 | 18,8 |
| Cataluña | 17,9 | 13,2 | 5,5 | 7,2 |
| Comunidade Valenciana | 30,5 | 24,4 | 7,5 | 14,6 |
| Estremadura | 35,8 | 30,4 | 3,4 | 20,3 |
| Galicia | 25,4 | 19 | 4,1 | 13,6 |
| Comunidade de Madrid | 21,7 | 18,2 | 4,3 | 10,4 |
| Rexión de Murcia | 34,8 | 28,9 | 9,5 | 13,4 |
| Comunidade Foral de Navarra | 13 | 9 | 3,4 | 8,4 |
| País Vasco | 15,9 | 9 | 4,2 | 13,7 |
| A Ríoxa | 17,4 | 11,9 | 5,9 | 9,2 |
| Ceuta | 41,9 | 36 | 3,5 | 12,2 |
| Melilla | 29,3 | 21,8 | 13,2 | 18 |
| España | 27,9 | 22,3 | 5,8 | 14,9 |


Fonte: INE

- 4) unha comida de carne, pito ou peixe cada dous días
- 5) ir de vacacións fóra de casa, polo menos unha semana ao ano
- 6) un coche
- 7) unha lavadora
- 8) unha televisión a cor
- 9) un teléfono

- Persoas que viven en fogares con moi baixa intensidade de traballo

Persoas de 0 a 59 anos que viven en fogares nos que os seus membros en idade de traballar o fixeron menos do 20% do seu potencial total de traballo no ano anterior ao da entrevista (período de referencia dos ingresos). Calcúlase o número de meses nos que os membros do fogar estiveron traballando durante o ano de referencia, e por outra banda o total de meses nos que teoricamente eses mesmos membros poderían traballar. Calcúlase o cociente e determínase se é inferior ao 20%.

A modo de exemplo deste indicador, nun fogar con dous adultos no que só traballa un adulto a xornada completa, a intensidade de traballo sería do 50%; se traballan os dous a xornada completa a intensidade sería do 100%; se un dos adultos traballa a media xornada e o outro a xornada completa, a intensidade de traballo sería do 75%.



Enquisa conxuntural a fogares. IGE

Fogares segundo o grao de dificultade para chegar a fin de mes. Galicia


No segundo trimestre de 2017 o 54,52% dos fogares galegos chega con facilidade ou moita facilidade a fin de mes, o 35,36% con dificultade e o 10,11% restante con moita dificultade.

Con respecto ao trimestre anterior, prodúcese un incremento de 6,4 puntos na porcentaxe de fogares que chega con facilidade ou moita facilidade a fin de mes, a mesma porcentaxe que se reduce os que chegan con dificultade fe se manteñen os fogares que chegan con moita dificultade.

Con respecto ao segundo trimestre do ano 2013, a porcentaxe de fogares que chega con facilidade ou moita facilidade a fin de mes medrou 12,21 puntos. Pola súa banda, a porcentaxe de fogares que chega con dificultade ou moita dificultade caeu 9,28 e 2,94 puntos respectivamente.

Evolución dos fogares (porcentaxe) segundo o grao de dificultade para chegar a fin de mes. Galicia

| | Con facilidade ou moita facilidade | Con dificultade | Con moita dificultade |
|----------|------------------------------------|-----------------|-----------------------|
| 2013/II | 42,31 | 44,64 | 13,05 |
| 2013/III | 44,44 | 46,38 | 9,17 |
| 2013/IV | 40,35 | 44,62 | 15,03 |
| 2014/I | 39,75 | 47,08 | 13,17 |
| 2014/II | 40,6 | 52,11 | 7,29 |
| 2014/III | 41,82 | 46,24 | 11,94 |
| 2014/IV | 41,1 | 50,31 | 8,59 |
| 2015/I | 41,64 | 45,17 | 13,2 |
| 2015/II | 38,9 | 53,62 | 7,48 |
| 2015/III | 41 | 49,81 | 9,19 |
| 2015/IV | 42,91 | 48,25 | 8,84 |
| 2016/I | 45,7 | 47,34 | 6,96 |
| 2016/II | 44,37 | 46,11 | 9,52 |
| 2016/III | 43,43 | 44,35 | 12,21 |
| 2016/IV | 46,94 | 43,19 | 9,87 |
| 2017/I | 48,12 | 41,77 | 10,11 |
| 2017/II | 54,52 | 35,36 | 10,11 |



Alertas bibliográficas

• Documentos de Política Social: Historia, Investigación y desarrollo

<https://institutedepoliticassocia.wordpress.com/documentos-de-politica-social/>

ISSN: 2340-7808. Edita: Instituto de Política Social (IPS)

Baixo este título desenvólvese unha serie monográfica de estudos científicos sobre a Política social. Artigos científicos e de divulgación realizados, en diversos idiomas, sobre os temas propios da Política social, a nivel xeral e a nivel específico, vinculados ás áreas de traballo do IPS.

Último nº: 40 (Vol. V, febreiro de 2017)

Nuevas familias e intervención social: aproximación conceptual a las nuevas modalidades familiares monoparentales / Antonio Luis Martínez Martínez e Sergio Fernández Riquelme, 24 p.

<https://institutedepoliticassocia.files.wordpress.com/2016/03/dps-n40.pdf>

• Revista Española del Tercer Sector

ISSN: 1886-0400. Periodicidade: Cuadrimestral. Edita: Fundación Luis Vives (<http://www.fundacionluisvives...>)

Esta nova publicación nace con vocación de servizo ao Terceiro Sector de Acción Social e pretende reunir os máis elevados requisitos de calidade, comparable coas máis rigorosas publicacións científicas, así como poñer atención exclusiva a materias que non encontran noutras publicacións a atención que merecen.

A Revista Española do Terceiro Sector nace a finais do 2005 para ofrecer aos profesionais e estudosos do ámbito social un conxunto de materiais de referencia que lles axuden a coñecer mellor a realidade sobre a que traballan e a gañar eficiencia no desempeño das súas tarefas.

Último núm. Publicado: nº 35 (1er. Cuadrimestre de 2017) titulado:

- Reflexiones y análisis sobre el emprendimiento social y la empresa social

https://www.accioncontraelhambre.org/sites/default/files/documents/tsector_35_1.pdf

Empresas sociales, emprendimiento social y economía social / José Luis Monzón Campos e Mercedes Herrero Montagud, p. 19-44

Reflexiones, sinergias y clarificación sobre nuevos conceptos y modelos: economía social, empresa social, emprendimiento social, economía del bien común, economía solidaria y economía colaborativa / Juan Antonio Pedreño Frutos, p. 45-72

El emprendimiento social y su implicación en el Tercer Sector / Luciano Poyato Roca, p. 73-89

Cómo medir el impacto socio económico de las empresas sociales / Nieves Ramos Rosario y Antonio Fernández Rojas, p. 89-114

- Panorama 115

La empresa social en Europa y en España: evolución, relevancia y desafíos / Rocío Nogales Muriel, p. 117-140

- Notas e colaboracións, p. 141

El proyecto textil común de Cáritas, un concepto integrado de gestión empresarial de la ropa al servicio de las personas y del empleo social /

Francisco Yagüe Ágreda, p. 143-150

Las Cooperativas de Trabajo de Iniciativa Social / Paloma Arroyo, p. 151-160

Provisión de servicios básicos en la base de la pirámide a través de empresas sociales: el caso de la Fundación Acciona Microenergía / Ramón Fisac García... [et al.], p. 161-172

Ejemplos de empresas y de emprendimiento social en España / Miguel Ángel Cabra de Luna, p. 173-180

- Reseñas e hemerotecas:

Libro Blanco "La Economía Social retoma la iniciativa. Propuestas para hacer de la Economía Social un Pilar de la Unión Europea, p. 183-186

Conclusiones del Consejo sobre la promoción de la economía social como motor clave del desarrollo económico y social en Europa, p. 187-190

- Documentación

Hacia una política europea para las empresas de Economía Social. Principales documentos de referencia de la Unión Europea en materia de Economía Social : Principales documentos de referencia de la Unión Europea en materia de Economía Social, p. 193-198

• Revista sobre la Infancia y la Adolescencia

<https://polipapers.upv.es/index.php/reinad>

ISSN: 2174-7210. Periodicidade semestral. Edita: Universidad Politécnica de Valencia. Licenza CC: By-NC-ND (Con cita, sen valor comercial, sen obra derivada)

A revista preséntase como un foro permanente de discusión e reflexión, no que se dan cita profesionais investigadores, tanto de España como do resto do mundo, que traballa con menores e constitúen o seu obxecto de estudo, respectivamente.

Último nº publicado: 12 (Abril, 2017):

- Editorial núm. 12 /Vicente Cabedo Mallol, Susana Evelyn Sierra Pérez (<http://dx.doi.org/10.4995/reinad.2017.7631>), p. i

- ¿Es siempre la familia el principal factor de riesgo en la violencia filio-parental? /Rafael March Ortega (<http://dx.doi.org/10.4995/reinad.2017.6433>), p. 1-29

- Predicción de la reincidencia con delincentes juveniles: adaptación del IGI-J /Vicente Garrido Genovés, Enrique López Martín, María José Galvis Doménech (<http://dx.doi.org/10.4995/reinad.2017.6484>), p. 30-41

- Prácticas socioeducativas para mejorar la convivencia escolar. Una experiencia en un Centro de Acción Educativa Singular (Valencia, España) / Roser Grau Vidal, Laura García-Raga (<http://dx.doi.org/10.4995/reinad.2017.6490>), 42-50

- Reincidencia delictiva juvenil en la medida de conciliación víctima infractor / Lidón Villanueva, Arantxa García-Gornís, Pilar Jara, Rita López (<http://dx.doi.org/10.4995/reinad.2017.6485>), 51-63

- El sistema de atención socio-educativa en Brasil: contribuciones para un análisis crítico de la política / Candida de Souza, Daniele Nunes Henrique Silva (<http://dx.doi.org/10.4995/reinad.2017.6499>), p. 64-77

Alertas bibliográficas

- **Zerbitzuan: Revista de Servicios Sociales**

<http://www.zerbitzuan.net/documentos/zerbitzuan/Zerbitzuan63.pdf>

ISSN: 1134-7147. Doi: 10.5569/1134-7147). Depósito Legal: SS 101-1986. Edita: Gobierno Vasco. Servizo Central de Publicacións. Licencia Creative Commons Reconocimiento-NoComercial-SinObraDerivada 4.0 Internacional (CC BY-NC-ND 4.0).

Último nº publicado: nº. 63 (Maio, 2017):

- Avances, límites y retos en la garantía de derechos de la infancia en Cataluña. Una aproximación desde el ámbito municipal / Eloi Mayordomo Martínez, Xavier Millán Cañameres. 2017

http://www.zerbitzuan.net/documentos/zerbitzuan/Avances_limite_retos_garantia_derechos_infantiles_Cataluna.pdf

- Desarrollo e incorporación de tecnologías avanzadas en la prestación de servicios sociales / Adriana Martínez Sans

http://www.zerbitzuan.net/documentos/zerbitzuan/Desarrollo_incorporacion_tecnologias_avanzadas.pdf

- Medicamentos viejos para pacientes nuevos: el impacto de la crisis en los servicios sociales de la ciudad de Zaragoza desde la perspectiva de los trabajadores sociales / Elisa Esteban Carbonell, Sandra Romero Martín, M^a del Mar del Rincón Ruiz.

http://www.zerbitzuan.net/documentos/zerbitzuan/Medicamentos_viejospacientes_nuevos.pdf

- Organización de los servicios sociales municipales en las comunidades autónomas: cinco estudios de caso / SISIS-Centro de Documentación y Estudios, Lucía Martínez Virto, Miguel Ángel Manzano, Carlos Santos, Carmen de la Sierra, Arantxa Hernández, María José Aguilar.

http://www.zerbitzuan.net/documentos/zerbitzuan/Organizacion_servicios_sociales_municipales.pdf

- Servicios de primaria y secundaria que comparten equipamiento. Experiencias en Gipuzkoa: posibilidades y dificultades / Jon Iribar Goenaga

http://www.zerbitzuan.net/documentos/zerbitzuan/Servicios_de_primaria_secundaria_comparten_equipamiento.pdf

- Sobre la desprotección social / José Ignacio del Pozo.

http://www.zerbitzuan.net/documentos/zerbitzuan/Sobre_la_desproteccion_social.pdf

- Tendencias y buenas prácticas en la atención a la infancia en situación de riesgo social / SISIS-Centro de Documentación y Estudios, Lucía Martínez Virto, Miguel Ángel Manzano, Carlos Santos, Carmen de la Sierra, Arantxa Hernández, María José Aguilar

http://www.zerbitzuan.net/documentos/zerbitzuan/Tendencias_buenas_practicas_atencion_infancia.pdf

Institucións

- **Ayuda en Acción**

<https://www.ayudaenaccion.org/nuestra-organizacion>

Ong apartidista e aconfesional que loita contra a pobreza e a desigualdade. Os seus principais obxectivos son impulsar a dignidade das persoas e a solidariedade para a construción dun mundo xusto.

Traballan en 21 países de América Latina e apoian a máis de 2.500.000 de persoas. Entenden que a pobreza é un tema de todos e como tal corresponsables da súa solución, que a xustiza e a igualdade son clave para o desenvolvemento dunha comunidade, que confían na persoa e nas súas capacidades para saír da pobreza e que o seu compromiso é a longo prazo.

- **Confederación SALUD MENTAL ESPAÑA**

<https://consaludmental.org/presentacion-confederacion-salud-mental/>

Entidade sen ánimo de lucro e de interese social creada en 1983. Na actualidade integra a 19 federacións autonómicas e asociacións uniprovinciais, as cales agrupan a máis de 300 asociacións e suman máis de 47.000 socios en todo o territorio estatal.

A súa misión cínguese a mellorar a calidade de vida das persoas con enfermidade mental e as súas familias, defender os seus dereitos e representar o movemento asociativo.

Ten como principais obxectivos asegurar o dereito dunha atención de calidade e individualizada a todas as persoas con trastorno mental no ámbito comunitario, a igualdade de oportunidades para este colectivo, así como a promoción da saúde mental na poboación.

A través dos seus distintos menús accédese a información de actualidade, programas, publicacións, etc.

Contan cun centro de documentación con publicación de revistas, informes ou guías que se poden descargar en pdf.

Entre as últimas novidades destaca:

- Informe sobre el estado de los derechos humanos de las personas con trastornos mentales en España: 2016

<https://consaludmental.org/publicaciones/Informe-Derechos-Humanos-Salud-Mental-2016.pdf>

- Informe voluntariado salud mental España, 2016

<https://consaludmental.org/publicaciones/Informe-voluntariado-salud-mental-espana-2016.pdf>

Institucións

- **Fundación Edad & Vida. Instituto para la mejora, promoción e innovación de la calidad de vida de las personas mayores**

http://edad-vida.org/fondo_login.php?ref=aHR0cDovL2VhcnVzLWZvbmlkYS5vcmcvZmljaGFfb2JzZXJ2YXRvcmlvLWZvbmlvLnBocD9pZD00NzQ1NQ==

A Fundación Edad&Vida é, dende 2000, o punto de encontro de empresas privadas, asociacións de persoas maiores e institucións académicas que, conscientes deste novo contexto, traballa para recoller as novas necesidades das persoas maiores, de hoxe e do mañá, e impulsar iniciativas que contribúan a mellorar a súa calidade de vida, de xeito responsable e sustentable.

A súa razón de ser é facilitar a corresponsabilidade e o equilibrio, entre o sector público e a iniciativa privada, co fin de dar resposta aos retos económicos e sociais do cambio demográfico actuando dende unha perspectiva de eficiencia e sustentabilidade, xerando un estado de opinión independente que facilite a mellora dos comportamentos de todos os actores no ámbito das persoas maiores. Para alcanzar este obxectivo é necesario actuar en diferentes ámbitos sociais, sanitarios, económicos, etc. e involucrar a todas as partes implicadas. A Fundación actúa de catalizador, tanto das inquietudes da sociedade civil coma das do mundo empresarial, e quere colaborar estreitamente coas administracións públicas na resposta eficaz aos retos dunha poboación envellecida; pero en bo estado de saúde e cunha maior esperanza de vida.

Edad&Vida dende os seus inicios, foi promovida por un grupo de empresas procedentes de diferentes sectores da economía produtiva, que queren levar a cabo actuacións conxuntas para dar resposta ás oportunidades e aos problemas asociados ao proceso do envellecemento poboacional. Neste sentido a transversalidade empresarial de Edad&Vida sitúaa como unha institución única e innovadora no noso país. O conxunto de empresas que forman parte da fundación recóllense na figura do membro promotor. Eles son os que contribúen á sustentabilidade económica e, a través da Xunta Directiva, son os que deseñan as liñas de actuación estratéxicas da asociación conxugando as inquietudes e intereses da sociedade civil coas do sector empresarial.

En conxunto, as 34 empresas promotoras que conforman a Fundación Edad&Vida, todas elas líderes nos seus sectores de actividade, facturan ao redor de 17.400 millóns de euros ao ano, o que representa o 1,6% do PIB español anual.

- **Instituto de Política Familiar (IPF)**

<http://www.ipfe.org/Espa%C3%B1a/Documentos/IPF>

O Instituto de Política Familiar (IPF) é un organismo civil, internacional e independente e de carácter non lucrativo. Fundado en 2001, non está vinculado ás administracións públicas nin a partidos políticos ou organizacións relixiosas. Os obxectivos principais son a promoción e defensa da familia ante a opinión pública e os poderes públicos así como a axuda aos seus compoñentes.

Centran a súa actividade a través de 4 liñas estratéxicas: Investigación e promoción, Sensibilización social, Diálogo e creación de redes e Cooperación ao desenvolvemento.

O Instituto desenvolve a súa misión a través de moi diferentes actividades: elaboración de estudos e análises, servizo de asesoría, organización

de seminarios e foros, intercambio de experiencias e divulgación de boas prácticas, etc.

O Instituto ten carácter internacional, desenvolvendo a súa actuación directa na Unión Europea e Iberoamérica, para o cal dispón de oficinas propias en diversos países e mantén alianzas e contactos con entidades similares de todo o mundo. A sede central do Instituto está situada en Madrid.

- **IPS. Instituto de Política social**

<https://institutodepoliticasocial.wordpress.com/about/>

O IPS. Instituto de Política social é unha asociación de estudos e investigación, sen ánimo de lucro, fundada en 2007, como plataforma de progreso para conservar e difundir os valores morais necesarios para un desenvolvemento humano integral da sociedade no século XXI, que xunta o mellor da tradición e da modernidade. Para iso desprega un labor docente e investigador sobre a Política social en España e no mundo en acceso aberto, baixo os principios de gratuidade na difusión de información, a absoluta liberdade de expresión da publicación e o debate intelectual, e a defensa dos dereitos humanos dos pobos. Así se manifesta nas súas publicacións (revistas científicas e divulgativas, diario dixital e manuais de libre acceso), nas súas noticias actualizadas e nos recursos compartidos, así como nas súas iniciativas rexionais como "SocialMurcia".

Edita entre outras publicacións de interese:

Documentos de Política social. Revista de Historia, Investigación y Desarrollo Social e

El contemporáneo. Diario digital.

- **reas - red de redes de economía alternativa y solidaria**

<http://www.economiasolidaria.org/>

REAS Euskadi é unha rede nacida en 1997 que agrupa máis de 65 empresas e entidades sociais que promoven unha economía ao servizo das persoas e o seu ámbito.

Dende o compromiso cos 6 principios da Carta Solidaria, pretende fortalecer -dende a perspectiva do desenvolvemento humano sustentable- as propostas colectivas que perseguen a transformación da sociedade e, particularmente, da economía nas súas diferentes facetas: financiamento, produción, comercialización e consumo.

Impulsa unha rede de empresas solidarias e aplica ferramentas de auditoría social e instrumentos de mellora da calidade, ademais de fomentar o consumo responsable e o comercio xusto e ecolóxico. Apoia, así mesmo, o desenvolvemento de recursos financeiros éticos e solidarios, ademais de promover a sensibilización cidadá, facendo fincapé na educación para o cambio e a participación social

Coordínase con outras redes de economía solidaria locais, estatais e mundiais e, dentro da sociedade civil, apoia as diversas iniciativas e movementos cidadáns que perseguen a construción dunha sociedade e un mundo máis equitativo, solidario e inclusivo. Desenvolve diferentes liñas de traballo, todas elas relacionadas coa economía solidaria, a inserción sociolaboral, o comercio xusto, etc.

Institucións

- **SIIS. Fundación Eguía-Careaga. Centro de Documentación y Estudios**

<http://www.siais.net/es/>

O SIIS, Centro de Documentación e Estudos, xorde en 1972 no seo da Fundación Eguía Careaga, como resposta a un importante déficit na difusión de información científico-técnica existente no ámbito do social. Constitúese como unha ferramenta para a mellora das políticas de integración social, da organización dos servizos sociais e da práctica dos profesionais da acción social.

A través do seu menú de Publicacións accédese aos seus boletíns temáticos (Xeral, Discapacidade, Adición, Maiores, Inclusión, Infancia e Xuventude, Xénero e Familia, Acción social e Terceiro sector). Cunha periodicidade quincenal, infórmalos sobre novas publicadas na prensa,

axenda, normativa e novidades bibliográficas das que, ás veces, se permite a súa descarga a texto completo.

Durante os meses de xaneiro-febreiro publicáronse os boletíns seguintes: SIIS

- Boletín de acción social: nºs : 276, 277, 278, 279
- Boletín de exclusión social: nºs.: 276, 277, 278, 279
- Boletín de género y familia: nºs : 276, 277, 278, 279
- Boletín de infancia y juventud nºs : 276, 277, 278, 279
- Boletín de personas con discapacidad: nºs : 276, 277, 278, 279
- Boletín de personas mayores: nºs : 276, 277, 278, 279
- Boletín Tercer sector: 141, 142

Redes sociais: Blogs

- **Arredondo, R. (coord.), et al., #TrabajoSocial ONLINE. Lo mejor de la #blogTSfera.**

Serie: Investigaciones e informes del Consejo General del Trabajo Social n. 5, Madrid, Consejo General del Trabajo Social, 2017, 303 p.

https://www.cgtrabajosocial.es/files/587f381491500/2017._BLOGOTSFERA.pdf

Esta publicación recolle as mellores entradas seleccionadas dos e as autoras da BlogoTSfera. A publicación pretende aglutinar todas as entradas por hashtag e palabras clave, coa intención de facilitar a busca sobre aqueles temas que preocupan ou interesan aos lectores.

- **Blog-Siais.net**

Entradas do mes de maio:

- Aumenta el consumo de cigarrillos electrónicos en la UE
<http://blog.siais.net/2017/05/31/aumenta-consumo-cigarrillos-electronicos-union-europea/>
- Vínculos comunitarios y voluntariado de proximidad
<http://blog.siais.net/2017/05/24/vinculos-comunitarios-voluntariado-proximidad/>
- Homofobia de Estado
<http://blog.siais.net/2017/05/17/homofobia-estado-2017/>
- Envejecer con el VIH
<http://blog.siais.net/2017/05/10/envejecer-con-vih/>
- Cerca del 20% de los hogares vascos tienen algún miembro en desempleo
<http://blog.siais.net/2017/05/03/hogares-vascos-desempleo/>

Alertas e publicacións

POLÍTICA SOCIAL

Alertas

Blog de publicaciones

Invitamos a vostede a visitar o blog de alertas e publicacións da Consellería de Política Social neste enlace:

<http://blogs.xunta.gal/publicacions-ps/es/>

Entradas do mes de maio:

- Normativa de Política Social. Comunidades autónomas. Maio de 2017
<http://blogs.xunta.gal/publicacions-ps/normativa-de-politica-social-comunidades-autonomas-maio-de-2017/>
- Normativa de Política Social. Diario Oficial de la Unión Europea (DOUE). Maio 2017
<http://blogs.xunta.gal/publicacions-ps/normativa-de-politica-social-diario-oficial-de-la-union-europea-doue-maio-2017/>
- Normativa de Política Social. Boletín Oficial del Estado (BOE). Maio 2017
<http://blogs.xunta.gal/publicacions-ps/normativa-de-politica-social-boletin-oficial-del-estado-boe-maio-2017/>
- Normativa de Política Social. Diario Oficial de Galicia (DOG). Maio 2017
<http://blogs.xunta.gal/publicacions-ps/normativa-de-politica-social-diario-oficial-de-galicia-dog-maio-2017/>
- Así, así?: O bebé é o protagonista da súa vida 0 a 3
<http://blogs.xunta.gal/publicacions-ps/asi-asi-o-bebe-e-o-protagonista-da-sua-vida-0-a-3/>
- 77 proyectos de innovación social
<http://blogs.xunta.gal/publicacions-ps/77-proyectos-de-innovacion-social/>
- Guia bàsica d'informació i recursos documentals sobre l'educació social a Catalunya
<http://blogs.xunta.gal/publicacions-ps/guia-basica-dinformacio-i-recursos-documentals-sobre-leducacio-social-a-catalunya/>
- Informe Evolución de la familia en España, 2016
<http://blogs.xunta.gal/publicacions-ps/informe-evolucion-de-la-familia-en-espana-2016/>
- BdB. Boletín de Bienestar : Boletín Informativo de Política Social. Nº 7 (Marzo-Abril, 2017)
<http://blogs.xunta.gal/publicacions-ps/bdb-boletin-de-bienestar-boletin-informativo-de-politica-social-no-7-marzo-abril-2017/>

Entradas do mes de xuño:

- Normativa de Política Social. Diario Oficial de Galicia (DOG). Maio 2017
<http://blogs.xunta.gal/publicacions-ps/normativa-de-politica-social-diario-oficial-de-galicia-dog-maio-2017/>
- Normativa de Política Social. Comunidades autónomas. Maio de 2017
<http://blogs.xunta.gal/publicacions-ps/normativa-de-politica-social-comunidades-autonomas-maio-de-2017/>
- Normativa de Política Social. Boletín Oficial del Estado (BOE). Maio 2017
<http://blogs.xunta.gal/publicacions-ps/normativa-de-politica-social-boletin-oficial-del-estado-boe-maio-2017/>
- Normativa de Política Social. Diario Oficial de la Unión Europea (DOUE). Maio 2017
<http://blogs.xunta.gal/publicacions-ps/normativa-de-politica-social-diario-oficial-de-la-union-europea-doue-maio-2017/>
- Características de las prestaciones de garantía de ingresos en las comunidades autónomas. Estudio comparativo. Junio 2017
<http://blogs.xunta.gal/publicacions-ps/es/caracteristicas-de-las-prestaciones-de-garantia-de-ingresos-en-las-comunidades-autonomas-estudio-comparativo-junio-2017/>
- Guía de ayudas sociales y servicios para las familias 2017
<http://blogs.xunta.gal/publicacions-ps/guia-de-ayudas-sociales-y-servicios-para-las-familias-2017/>
- Transformando los territorios desde la economía solidaria. Herramientas para el impulso de políticas públicas locales.
<http://blogs.xunta.gal/publicacions-ps/transformando-los-territorios-desde-la-economia-solidaria-herramientas-para-el-impulso-de-politicas-publicas-locales/>
- Consellería de Política Social. Memoria, 2016
<http://blogs.xunta.gal/publicacions-ps/conselleria-de-politica-social-memoria-2016/>

Congresos, xornadas e cursos

• XIII Congreso Estatal y I Congreso Iberoamericano de Trabajo Social = Congresso Estadual e I Congresso Ibero-Americano de Serviço Social

<https://www.cgtrabajosocial.es/congreso2017>

Título do congreso: "Construyendo comunidades sostenibles: dilemas y retos"

Lugar: Mérida, Badajoz. Data de realización: 15-17 de setembro de 2017

Organiza: Colegio Oficial de Trabajadores Sociales de Badajoz e Colegio Oficial de Trabajo Social de Cáceres

